*"A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza propuxo en 2020 un convenio coa Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte a Avespa Asiática (VESPA VELUTINA). O convenio tiña por obxecto establecer o marco para executar de xeito coordinado a posta en marcha do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática, establecendo os mecanismos axeitados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.*

*O Concello de Foz adheriuse ao Convenio mais tivo que suplir as numerosísimas eivas do mesmo. O plan limitase a eliminación de niños polo que o Departamento de Medio Ambiente do Concello de Foz tivo que facer fronte polos seus medios ao trampeo das raíñas que realmente é o desexable. Gracias a esta decisión propia do Concello, acadamos en Foz unha importante redución de niño primario, mais non foi abondo. Por que unha vez establecido os niños, as ferramentas que aporta a Xunta no convenio son coma sempre, insuficientes. Nin coordinación nin investimentos. Propoñen a eliminación/neutralización de niños activos de velutina pero sempre que estean situados a menos de 25 metros do chan, pero tamén a realización de actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días laborais. Os tempos non se compren, e sempre hai atrancos para o acceso aos niños especialmente se a área non está desbrozada o que permite á empresa escollida pola Xunta eludir moitos dos avisos. Os servizos e Protección Civil do Concello deben facer fronte a situacións incribles como a retirada recente dun niño en pleno casco da vila contando co apoio do Parque de Bombeiros da Deputación, dado a inacción da empresa da Xunta. Tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá, semella*



Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 56

*incrible que esteemos aínda regateando cos recursos e tirando os cartos públicos nunha empresa que non cumpre coas expectativas.*

*O GRUPO MUNICIPAL DO BNG propón ao Pleno solicitar á Consellería de Facenda (agora con competencia en Administracións Públicas) para que:*

*1.Esixa á empresa concesionaria o axeitado complemento das súas obrigas recollidas no Convenio para control da Vespa Velutina.*

*2.Mellore substancialmente futuros convenios ao respecto de niños de difícil acceso e as propias condicións do acceso aos niños para poder realizar un control efectivo desta especie invasora.*

*Informados/as os/as Sres./as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as quendas de intervención e, sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno polo voto a favor dos/as seis (6) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e FPF, e a abstencións dos/as tres (3) concelleiros/as presentes do grupo político municipal do PP, aproba o seguinte* ***DITAME:***

***Solicitar á Consellería de Facenda*** *(agora con competencia en Administracións Públicas)* ***para que:***

***1. Esixa á empresa concesionaria o axeitado complemento das súas obrigas recollidas no Convenio para control da Vespa Velutina.***

***2. Mellore substancialmente futuros convenios ao respecto de niños de difícil acceso e as propias condicións do acceso aos niños para poder realizar un control efectivo desta especie invasora****".*

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións,** concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do BGN D. Iago Villamil Cajoto, quen procede a realizar a exposición da moción transcrita con anterioridade mediante a súa lectura.

Toma a palabra o Sr Alcalde, mostrando a conformidade do seu grupo coa proposta presentada polo BNG, entendendo que o servizo que está a prestar SEAGA non é un servizo completo, sendo preciso que protección civil ou un empresa privada sexa a encargada de desactivar os niños máis inaccesibles.

Demanda que sexa considerada a proposta realizada polo PSdeG no parlamento autonómico para que a vespa velutina sexa declarada unha praga, o que traería consigo maior financiamento para loitar contra esta especie invasora.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PP o concelleiro D. José Antonio Hermida Fernández, comeza a súa intervención felicitando aos membros de protección civil polo traballo que están a desenrolar para a desactivación de niños máis inaccesibles, do cal afirma ter coñecemento directo.

Por outra banda, recoñece que a vespa velutina representa un problema real e que será cuestión de negociar coa Xunta un maior esforzo fronte a dito problema. Lembra que o concello tiña contratada unha empresa durante o anterior mandato para actuar nos casos nos que non podía actuar protección civil.

Remata a súa primeira intervención recoñecendo que se tanto a Xunta de Galicia como o

Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 56

concello poden realizar un maior esforzo na loita contra a vespa.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen logo de recoñecer que se trata dun problema que están a vivir no concello, móstrase a favor da proposta presentada.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións,** concedendo a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG D. Francisco Xavier Fanego.

O Sr Fanego, informa que dende o concello se están a destinar recursos na loita contra a vespa, dende o trampeo, á contratación dunha empresa para a desactivación de niños nos casos nos que SEAGA non quixo actuar, recoñecendo o traballo realizado por protección civil e agradecendo especialmente a actuación de Gonzalo.

A través da proposta presentada, demándase unha mellora na actuación de SEAGA que ven demandada pola propia veciñanza do noso concello.

Pola súa banda, o Sr Alcalde súmase ás felicitacións a Gonzalo, para posteriormente indicarlle ao grupo municipal do PP que este ano, o gasto na loita contra a vespa velutina está a ser máis do dobre do empregado polo goberno anterior.

Polo grupo municipal do PP, intervén novamente o Sr Hermida, quen reitera que o seu grupo está a favor de requirir da Xunta o maior esforzo posible, tal e como pode estar a facer o concello, se ben defende que tamén podería colaborar nesta tarefa a Deputación de Lugo.

Remata a súa intervención recoñecendo que o seu grupo votará a favor e polo tanto, pregunta ao Sr Alcalde sobre cando e onde o celebrarán.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF que opta por non facer uso da mesma.

Rematado o debate, e sometido a votación o punto da orde do día, o Pleno municipal pola **unanimidade** (16) dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (5), BNG (3)  e FPF (1) , **aproba o seguinte ACORDO:**

SOLICITAR á Consellería de Facenda (agora con competencia en Administracións Públicas) para que:

**1.** Esixa á empresa concesionaria o axeitado complemento das súas obrigas recollidas no Convenio para control da Vespa Velutina.

**2.** Mellore substancialmente futuros convenios ao respecto de niños de difícil acceso e as propias condicións do acceso aos niños para poder realizar un control efectivo desta especie invasora.-



Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 56

**11.- <u>APROBACIÓN SE PROCEDE, PROPOSICIÓN GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PP PARA INSTAR AO INSITUTO SOCIAL DA MARINA, DEPENDENTE DO MINISTERIO DE INCLUSIÓN SOCIAL, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES DE ESPAÑA, A CEDER TEMPORALMENTE AO CONCELLO DE FOZ O SALÓN DE ACTOS DA CASA DO MAR DE FOZ COMO AULA PARA AMPLIAR A ESCOLA DE MÚSICA ARCADIO MON</u>.-**

Polo Sr Alcalde-presidente concedese a palabra ao grupo propoñente para que preceda á defensa da urxencia da moción**.**

Defende a urxencia da moción polo grupo municipal do PP como grupo propoñente D. Juan José Rivas Nécega, quen destaca que logo da última comisión de seguimento da escola de música celebrada no mes de marzo na que se acadaron diversos acordos, non teñen coñecemento de que se teña realizado trámite algún ao respecto.

Toma a palabra o Sr Alcalde, quen logo de solicitar que as mocións sexan presentadas a tempo, recoñece que na medida en que a escola de música está a piques de comezar votarán a favor da urxencia.

Pola súa banda, o voceiro do grupo municipal do BNG o Sr Villamil, cuestiona que sendo unha cuestión tratada na comisión de seguimento da escola de música, sexa presentada como unha moción de urxencia polo que se absterán na votación.

Finalmente, o Sr Couto, voceiro do grupo municipal de FPF recoñece que votarán a favor da urxencia.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, foi ratificada dita urxencia polos o voto a favor dos/as trece (13) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, e FPF, e a abstención dos concelleiros/as presentes do grupo político municipal do BNG (3), procedéndose ao despacho da seguinte MOCIÓN:

*"As infraestruturas e os espazos son un dos principais elementos estratéxicos dunha escola de música, debendo de estar deseñada para cumprir coas necesidades do Proxecto Educativo de Centro (PEC). A distribución correcta das aulas, as súas dimensións ou a insonorización son só un dos elementos que se han de ter en conta na súa adaptación.*

*O anterior goberno municipal deu varios pasos importantes neste sentido. O primeiro foi cambiar a propia escola de música que estaba nun local do Colexio nº 1 para a planta baixa na Casa do Mar. A mellora foi considerable e iso conlevou un aumento dos alumnos na mesma, o que obrigou a buscar máis espazos.*

*Un segundo paso, negociar co ISM a cesión dunha sala na primeira planta que se adecuou para dar clases e seguir coa ampliación da mesma, e anos despois deuse un terceiro paso, conseguindo en colaboración coa Asociación de Discapacitados Virxe do Carme de Foz e a Consellería de Política Social, a cesión do local de 200 m2 na planta baixa, o que supuxo un enorme paso na calidade da propia escola.*

*Pero aínda así, despois destas importantes melloras, a Escola de Música Arcadio Mon de Foz, situada en parte das plantas baixa e alta da antiga Casa do Mar (propiedade do ISM), non é*

Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 56

*inmune a este feito, xa que o incremento, ano a ano, no número de alumnos matriculados sitúa cada vez máis en primeiro plano o perentorio problema das infraestruturas e os espazos para utilizar na escola.*

*Os case 200 alumnos matriculados na actualidade, comparten os distintos espazos existentes, convertendo pequenas aulas en espazos polivalentes onde se imparten distintas especialidades e materias, obrigando aos profesores ao constante cambio diario do material e medios a empregar na impartición das súas materias.*

*Exemplos moi concretos e rechamantes son o uso compartido dunha aula polas materias de música e movemento e coro. Para impartir a primeira materia, a aula ten que estar despexada, libre de obxectos, con alfombras por todo o chan para o uso dos pequenos alumnos; na segunda materia, a aula sofre unha transformación xa que hai que levantar todas as alfombras e instalar de novo tarimas e atrís para os ensinos de coro. Estes cambios constantes efectúanos os propios profesores, nos intres libres ou fora das horas de clases. Outro exemplo pode ser o uso da mesma aula polas materias de vento metal e música moderna, coa constante trasfega de material e instrumental dun lado a outro para os cambios de materias.*

*A solución a todos estes problemas pasa polo uso  do salón de actos existente na primeira planta do edificio, propiedade do ISM e que apenas se usa polo órgano estatal.*

*Polo tanto, SOLICITAMOS* ***aprobar*** *polo Pleno da Corporación Municipal de Foz:*

*-Instar ao Instituto Social da Mariña, dependente do Ministerio de Inclusión Social, Seguridad Social y Migraciones de España, a ceder termporalmente ao Concello de Foz o salón de actos da Casa do Mar de Foz, como aula para ampliar a Escola de Música Arcadio Mon "*.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións,** concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do PP D. Juan Rivas, quen procede a realizar a exposición da moción transcrita con anterioridade mediante a súa lectura.

Toma a palabra o Sr Alcalde, quen afirma que o actual goberno está a apostar máis que nunca pola escola de música, o que refrenda a ampliación dos horarios dos profesores contratados.

Móstrase a favor da proposición presentada, informando que no caso de non ser atendida a demanda do concello, teñen previsto dispor dun espazo habilitado suficiente na Casa da Cultura.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil, cuestiona que se presente como moción polo grupo municipal do PP, unha proposta da ANPA da escola de música que se recolleu na acta da comisión de seguimento do mes de marzo.

Cuestionan que se presente como moción de urxencia a proposta dun colectivo con fins partidistas, pese ao cal votarán a favor como xa o fixeran na comisión de seguimento.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen afirma que ao tratarse dunha actuación precisa para o bo funcionamento da escola de música, votará a favor.



Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 56

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións,** concedendo a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP D. Juan Rivas.

O Sr Rivas, toma a palabra para responder ao Sr Villamil, que a moción presentada ten como único fin, levar a cabo unha actuación da que non se tiña noticias nos últimos oito meses, sendo a única forma coa que contan para que o pleno informe ao seu grupo.

Toma a palabra o Sr Alcalde, quen logo de recoñecer que a moción é un instrumento válido como expuxo o Sr Rivas, tamén poden consultar no concello cunha chamada telefónica.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, así como, do grupo municipal de FPF quenes optan por non facer uso da mesma.

Rematado o debate, e sometido a votación o punto da orde do día, o Pleno municipal pola **unanimidade** (16) dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (5), BNG (3) e FPF (1) , **aproba o seguinte ACORDO:**

- Instar ao Instituto Social da Mariña, dependente do Ministerio de Inclusión Social, Seguridad Social y Migraciones de España, a ceder termporalmente ao Concello de Foz o salón de actos da Casa do Mar de Foz, como aula para ampliar a Escola de Música Arcadio Mon.-

**12.- APROBACIÓN SE PROCEDE, PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL PP PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE NO PRÓXIMO EXERCICIO SE ORGANICE A GALA DO DEPORTE FOCENSE.-**

Polo Sr Alcalde-presidente concedese a palabra ao grupo propoñente para que preceda á defensa da urxencia da moción**.**

Defende a urxencia da moción polo grupo municipal do PP como grupo propoñente Dª. Laura Riveira Balseiro, recoñecendo que logo de ter diversas reunións con clubes da vila nas que lles fixeron chegar dita proposta, entenderon que era de interese para a vila.

Toma a palabra o Sr Alcalde, quen logo de cuestionar a natureza da moción, cuestiona que se presente como moción de urxencia a creación dunha gala do deporte polo que anuncia que o seu grupo votará en contra.

Concede a palabra o Sr Alcalde ao voceiro do grupo municipal do BNG o Sr Villamil, solicitando a palabra o Sr Jorge Castiñeira por unha cuestión de orde. Cuestionado o Sr Secretario, informa que a dirección do debate e unha atribución propia da Alcaldía e que non ten nada que dicir ao respecto.

A continuación, o Sr Villamil fai uso da palabra para manifestar que o seu grupo votará en contra da urxencia requirida por entender que podería ser presentada como unha moción ordinaria, pese a que poden estar a favor do contido da mesma.

Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 56

Finalmente, o Sr Couto, voceiro do grupo municipal de FPF afirma que votarán en contra da urxencia, pese a poder defender o contido da propia moción.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, non foi ratificada dita urxencia polo o voto en contra dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e FPF e o voto a favor dos/as cinco (5) dos/as concelleiros/as presentes do grupo político municipal do PP, **polo que non se trata a proposición presentada polo Grupo Político Municipal PP para a organización da Gala do Deporte Focense**.-

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**13.-DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA ENTRE O 27 DE XULLO DE 2020 AO 15 DE SETEMBRO DE 2020.-**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde da conta das resolucións ditadas desde o 27 de xullo de 2020 ao 15 de setembro 2020, que a seguir se transcriben:

| nome | data | resumo |
|---|---|---|
| DECRETO 2020-0585 | 15/09/2020 12:06 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- aprobación plan seguridade e saúde |
| DECRETO 2020-0584 | 15/09/2020 12:06 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 957/2020 -- APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS 36. INCLUE CONTRATOS MEMORES EXP( 72, 159, 601 E 651) -- |
| DECRETO 2020-0583 | 15/09/2020 9:23 | SIA 1001287 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 1090/2020 -- S2813610I Gerencia Territorial de Justicia de Galicia en A Coruña, -- renovacion licenza- |
| DECRETO 2020-0582 | 14/09/2020 14:09 | SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 1053/2020 -- SELECCIÓN PROFESORES ESCOLA DE MÚSICA -- |
| DECRETO 2020-0581 | 14/09/2020 12:41 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 1093/2020 -- CONCESIÓN, CONVENIO E XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN PROTECCIÓN CIVIL DE FOZ. -- |
| DECRETO 2020-0580 | 14/09/2020 10:14 | Expediente CIAPP/2020/5 -- Múltiples interesados -- |
| DECRETO 2020-0579 | 14/09/2020 10:05 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 501/2020 - AXUDA EMERXENCIA SOCIAl- |
| DECRETO 2020-0578 | 14/09/2020 10:00 | SIA 1001287 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 904/2020 -- S2813610I Gerencia Territorial de Justicia de Galicia en A Coruña, - RENOVACION LICENZA - |
| DECRETO 2020-0577 | 11/09/2020 9:57 | Expediente JGL/2020/12 -- Múltiples interesados -- |
| DECRETO 2020-0576 | 11/09/2020 9:25 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- |
| DECRETO 2020-0575 | 10/09/2020 11:04 | SIA 1001340 -- 402 OFICINA TÉC. OBRAS MENORES -- Expediente 560/2020 -- COLOCACIÓN REDE CAMPO DA CABANA -- |
| DECRETO 2020-0574 | 10/09/2020 9:10 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 1074/2020 -- APROB.RELAC FAC 39.XGL.CONTRATOS MEORES. 1554/2018 E 579/2020. -- |
| DECRETO 2020-0573 | 09/09/2020 13:43 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 1060/2020 -- Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- |
| DECRETO 2020-0572 | 09/09/2020 10:49 | SIA 1001245 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 248/2020 -- P2700000I Diputación Provincial de Lugo, Juzgado de lo Contencioso Administrativo Número 1 de Lugo -- PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 0000037/2020. |
| DECRETO 2020-0571 | 09/09/2020 10:16 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 149/2020 -- REMISIÓN DE INFORMACIÓN 2020 -- |



Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 56

| | | |
|---|---|---|
| DECRETO 2020-0570 | 08/09/2020 18:24 | SIA 1001340 -- Expediente 1262/2018 -- Múltiples interesados -- DENUNCIA RECYGES -- |
| DECRETO 2020-0569 | 08/09/2020 18:08 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1041/2020 - AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL – |
| DECRETO 2020-0568 | 07/09/2020 14:15 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 928/2020 -- Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- |
| DECRETO 2020-0567 | 07/09/2020 14:15 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- |
| DECRETO 2020-0566 | 07/09/2020 13:15 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1037/2020 - AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL - |
| DECRETO 2020-0565 | 07/09/2020 13:11 | SIA 1001274 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 691/2020 -- EXPDTE. 13/2020 DE MODIFICACION DE CREDITO DENTRO DA MESMA AREA -- |
| DECRETO 2020-0564 | 06/09/2020 21:28 | SIA 1001275 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 974/2020 - reclamación baixa contrato por cese alugueiro -- |
| DECRETO 2020-0563 | 06/09/2020 21:28 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 1004/2020 --Decreto e Adxudicación do Contrato menor de obra "Renovación saneamento Rúas Concello de Alfoz e Concello do Valadouro. Foz" -- |
| DECRETO 2020-0562 | 03/09/2020 16:58 | SIA 1001420 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 642/2020 -- S1511001H Dirección General de Calidad Ambiental y Cambio Climático, B70266010 EFICIENCIA ENERGETICA DE GALICIA SL -- subvención axuda PACES . MT210A -- |
| DECRETO 2020-0561 | 03/09/2020 16:52 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- |
| DECRETO 2020-0560 | 03/09/2020 12:28 | SIA 1001274 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 1045/2020 -- EXPDTE. 24/2020 DE XERACION DE CREDITO. PLAN UNICO 2020 -- |
| DECRETO 2020-0559 | 03/09/2020 12:27 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Contrato menor de obra "Renovación saneamento Rúas Concello de Alfoz e Concello do Valadouro. Foz" -- Nomeamento director de obra e coordinador seguridade |
| DECRETO 2020-0558 | 03/09/2020 12:27 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- |
| DECRETO 2020-0557 | 03/09/2020 9:41 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 928/2020 -- 33854658S RAMON RODRIGUEZ PALEO -- Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- |
| DECRETO 2020-0556 | 01/09/2020 14:38 | SIA 1001245 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 1033/2020 -- Decreto Alcaldía de encomenda de xestión |
| DECRETO 2020-0555 | 01/09/2020 13:55 | SIA 1001269 -- 001 CIRCULAR INTERNA -- Expediente 1035/2019 -- Anticipo Caixa Fixa Alcaldía -- |
| DECRETO 2020-0554 | 01/09/2020 13:55 | Expediente 358/2017 -- Múltiples interesados – Delegación de Casamento- |
| DECRETO 2020-0553 | 01/09/2020 11:02 | SIA 1001269 -- 001 CIRCULAR INTERNA -- Expediente 1035/2019 -- Anticipo Caixa Fixa Alcaldía -- |
| DECRETO 2020-0552 | 31/08/2020 13:38 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- Director obra e coordinador seguridade |
| DECRETO 2020-0551 | 28/08/2020 11:21 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 835/2020 -- NOMINA AGOSTO 2020 -- |
| DECRETO 2020-0550 | 28/08/2020 11:21 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 1020/2020 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS Nº 38. -- |
| DECRETO 2020-0549 | 27/08/2020 12:27 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 968/2020 -- -- AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL -- |
| DECRETO 2020-0548 | 24/08/2020 11:53 | SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 189/2020 -- Múltiples interesados -- SUBVENCION RISGA 2020 -- |
| DECRETO 2020-0547 | 20/08/2020 18:14 | SIA 1001274 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 1007/2020 -- EXPDTE. 22/2020 DE XERACIO DE CREDITO. FONDO COMPENSACION 2020 COMPETITIVO. RENOVACION SANEAMENTO RUAS CONCELLO DE ALFOZ E CONCELLO VALADOURO -- |
| DECRETO 2020-0546 | 20/08/2020 18:12 | SIA 1001274 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 1007/2020 -- EXPDTE. 22/2020 DE XERACIO DE CREDITO. FONDO COMPENSACION 2020 COMPETITIVO. RENOVACION SANEAMENTO RUAS CONCELLO DE ALFOZ E CONCELLO VALADOURO -- |
| DECRETO 2020-0545 | 20/08/2020 18:09 | Expediente 358/2017 -- Múltiples interesados -- |
| DECRETO 2020-0544 | 20/08/2020 9:21 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 1004/2020 -- Contrato menor de obra "Renovación saneamento Rúas Concello de Alfoz e Concello do Valadouro. Foz" -- |
| DECRETO 2020-0543 | 20/08/2020 9:17 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 --- Contrato de obra: |

Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 56

| | | |
|---|---|---|
| | | Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- Convocatoria mesa contratación |
| DECRETO 2020-0542 | 18/08/2020 11:10 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- P2700000I Diputación Provincial de Lugo -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- |
| DECRETO 2020-0541 | 18/08/2020 8:47 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 521/2020 -- Contrato de obra: Acondicionamento camiños Vilaronte. Camiños 1 C 1.1010 - 1 C 1.1061 (Remanente plan único 2019) -- |
| DECRETO 2020-0540 | 17/08/2020 14:25 | Expediente 1881/2013 -- Proxecto de execución de licenza de obra XGL 13/02/14 -- |
| DECRETO 2020-0539 | 14/08/2020 13:59 | SIA 1001275 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 990/2020 - BAIXA CONTRATO E RECLAMACION DEBEDA TITULAR -- |
| DECRETO 2020-0538 | 14/08/2020 12:17 | SIA 1001283 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 987/2020 -- A08000143 BANCO DE SABADELL, S.A. -- AMORTIZACIÓN ANTICIPADA E CANCELACIÓN PRÉSTAMO AVDA ALVARO CUNQUEIRO (FINANCIADA SUPLEMENTO) -- |
| DECRETO 2020-0537 | 14/08/2020 11:00 | 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 438/2020 - RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (FACTURAS 2019) -- |
| DECRETO 2020-0536 | 14/08/2020 10:56 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 746/2020 -- ASIGNACIÓN GRUPOS POLÍTICOS E ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS. -- |
| DECRETO 2020-0535 | 13/08/2020 18:33 | SIA 1001292 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 996/2020 - CAMBIO TITULARIDADE TAXA LIXO |
| DECRETO 2020-0534 | 13/08/2020 18:17 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 967/2020 - AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL - |
| DECRETO 2020-0533 | 13/08/2020 14:34 | SIA 1001258 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 741/2020 -- Declaración innecesariedad de licencia de parcelación previa a la tramitación de lincencia urbanística para Vivenda unifamiliar -. |
| DECRETO 2020-0532 | 13/08/2020 14:33 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 957/2020 -- APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS 36. INCLUE CONTRATOS MEMORES EXP( 72, 159, 601 E 651) -- |
| DECRETO 2020-0531 | 12/08/2020 18:36 | Expediente PLN/2020/11 -- Corrección de erros Múltiples interesados -- |
| DECRETO 2020-0530 | 12/08/2020 14:24 | Expediente PLN/2020/11 -- Convocatoria sesión extraordinaria e urxente de pleno 13/08/20 -- |
| DECRETO 2020-0529 | 11/08/2020 18:24 | SIA 1001280 -- Expediente 412/2020 -- SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA AUTO-TAXI. |
| DECRETO 2020-0528 | 11/08/2020 18:22 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 928/2020 - Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- |
| DECRETO 2020-0527 | 11/08/2020 18:09 | SIA 1001150 -- 300 TESORERÍA -- Expediente 933/2020 -- DEVOLUCIÓN TAXA 2017 - 2018- |
| DECRETO 2020-0526 | 07/08/2020 17:38 | Expediente 1923/2016 -- S1511001H Jefatura Territorial de la Consellería de Política Social de Lugo, S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR-. |
| DECRETO 2020-0525 | 07/08/2020 17:38 | SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 964/2020 -- SUBVENCION FOMENTO ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS 2020 -- |
| DECRETO 2020-0524 | 07/08/2020 10:54 | 300 TESORERÍA -- Expediente 753/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con vallas... xuño -- Resolución reclamación. |
| DECRETO 2020-0523 | 07/08/2020 10:08 | Expediente PLN/2020/10 -- Múltiples interesados -- |
| DECRETO 2020-0522 | 06/08/2020 14:24 | 300 TESORERÍA -- Expediente 435/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con mesas e cadeiras....marzo -- Corrección erros |
| DECRETO 2020-0521 | 06/08/2020 11:03 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 1172/2019 Contrato aberto simplificado de obra: Plan único 2019 Acondicionamento camiños . Modificado |
| DECRETO 2020-0520 | 06/08/2020 8:44 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 928/2020 -- Incoación Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- |
| DECRETO 2020-0519 | 06/08/2020 8:43 | Expediente 656/2016 -- S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR-. |
| DECRETO 2020-0518 | 05/08/2020 14:13 | Expediente 1706/2014 -- S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR- |
| DECRETO 2020-0517 | 05/08/2020 14:03 | Expediente 603/2014 -- S1511001H Servicio de Dependencia y Autonomía Personal de Lugo, S1511001H XUNTA DE GALICIA -- |
| DECRETO 2020-0516 | 05/08/2020 14:01 | Expediente 1063/2015 -- S1511001H Jefatura Territorial de la Consellería de Política Social de Lugo, S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR -- |
| DECRETO 2020-0515 | 05/08/2020 13:46 | Expediente 2748/2013 - S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR -- |
| DECRETO 2020-0514 | 05/08/2020 13:44 | 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 28/2018, XEFATURA TERRITORIAL CONSELLERIA POLITICA SOCIAL-SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMIA PERSOAL -- SOLICITUDE VALORACION DEPENDENCIA -- |
| DECRETO 2020-0513 | 04/08/2020 21:23 | SIA 1001340 - Expediente 942/2019 -- S1511001H Jefatura Territorial de la |



Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 56

| | | |
|---|---|---|
| | | Consellería de Política Social de Lugo,- SOLICITUDE VALORACION DEPENDENCIA -- |
| DECRETO 2020-0512 | 04/08/2020 8:48 | SIA 1001258 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 222/2020 -- Declaración Innecesariedade licenza de parcelación Construción de garaxe en vilatuixe -- |
| DECRETO 2020-0511 | 04/08/2020 8:48 | Expediente 383/2018 -- S1511001H Servicio de Dependencia y Autonomía Personal de Lugo, -- SOLICITUDE VALORACION DEPENDENCIA -- |
| DECRETO 2020-0510 | 04/08/2020 8:48 | Expediente 230/2016 -- S1511001H Jefatura Territorial de la Consellería de Política Social de Lugo. |
| DECRETO 2020-0509 | 04/08/2020 8:44 | SIA 1001340 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 893/2019 -- Múltiples interesados -- ASUNTOS VARIOS ALCALDÍA ( A PARTIR DO 15 DE XUÑO DE 2019) -- |
| DECRETO 2020-0508 | 03/08/2020 10:18 | 602 EMPREGO -- Expediente 135/2018 -- S1511001H Jefatura Territorial de la Consellería de Economía, Empleo e Industria de Lugo -- MELLORA DA EMPREGABILIDADE 2018 -- Devolución subvención non xustificada |
| DECRETO 2020-0507 | 03/08/2020 10:18 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 21/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato adquisición caixa compactadora para camión de lixo -- Resolución adxudicación |
| DECRETO 2020-0506 | 03/08/2020 10:18 | SIA 1001150 -- 300 TESORERÍA -- Expediente 583/2020 -- |
| DECRETO 2020-0505 | 03/08/2020 8:49 | SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 492/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato menor de obra: iluminación rúa Concello de Sarria de Foz -- Aprobación plan seguridade |
| DECRETO 2020-0504 | 03/08/2020 8:48 | Expediente 673/2015 --, XEFATURA TERRITORIAL CONSELLERIA POLITICA SOCIAL-SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMIA PERSOAL -- |
| DECRETO 2020-0503 | 31/07/2020 11:50 | SIA 1001340 -- Expediente 1262/2018 -- B81093288 RECYGES SL, B83382549 SecuritiFleet SL -- DENUNCIA RECYGES -- |
| DECRETO 2020-0502 | 31/07/2020 11:45 | SIA 1001340 -- Expediente 1262/2018 -- B81093288 RECYGES SL, B83382549 SecuritiFleet SL -- DENUNCIA RECYGES -- |
| DECRETO 2020-0501 | 31/07/2020 11:42 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 909/2020 -- SERVIZO DE S.A.F. EXTRAORDINARIO COVID-19 -- |
| DECRETO 2020-0500 | 31/07/2020 11:41 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1036/2019 -- S1511001H Servicio de Dependencia y Autonomía Personal de Lugo, -- SOLICITUDE VALORACION DEPENDENCIA -- |
| DECRETO 2020-0499 | 31/07/2020 11:39 | SIA 1001292 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 908/2020 -- cambio titularidade Ferreiravella |
| DECRETO 2020-0498 | 31/07/2020 11:02 | SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 344/2020 -- Múltiples interesados -- SUBVENCION CONTRATACION TECNICO TURISMO MESES DE MAIO, XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO -- |
| DECRETO 2020-0497 | 30/07/2020 11:38 | SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 1736/2019 -- Múltiples interesados -- SUBVENCIÓN MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS 2020 -- Pago Taxas autorización Deputación |
| DECRETO 2020-0496 | 30/07/2020 9:11 | SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 -- RECT ERRO DECRETO 0470 |
| DECRETO 2020-0495 | 30/07/2020 9:11 | SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 -- RECT ERRO DECRETO 0471 |
| DECRETO 2020-0494 | 30/07/2020 9:11 | SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 -- RECT ERRO DECRETO 0477 |
| DECRETO 2020-0493 | 30/07/2020 9:11 | SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 -- RECT ERRO DECRETO 0479 |
| DECRETO 2020-0492 | 29/07/2020 17:52 | Expediente 1923/2016 -- S1511001H Jefatura Territorial de la Consellería de Política Social de Lugo, S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR. |
| DECRETO 2020-0491 | 29/07/2020 17:52 | SIA 1001340 -Expediente 153/2019 -- S1511001H Servicio de Dependencia y Autonomía Personal de Lugo, -- SOLICITUDE VALORACION DEPENDENCIA |
| DECRETO 2020-0490 | 29/07/2020 17:51 | SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES - Expediente 1531/2018 -- S1511001H Servicio de Dependencia y Autonomía Personal de Lugo. |
| DECRETO 2020-0489 | 29/07/2020 17:45 | SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 790/2020 -- S1511001H Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia -- NOMINA XULLO 2020 -- |
| DECRETO 2020-0488 | 28/07/2020 13:10 | SIA 1001427 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 494/2020 -- Posible incidente de ejecución Sentenza procedemento ordinario 144/2018 -- |
| DECRETO 2020-0487 | 28/07/2020 13:09 | SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 344/2020 -- Múltiples interesados -- SUBVENCION CONTRATACION TECNICO TURISMO MESES DE MAIO, XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO -- |
| DECRETO 2020-0486 | 28/07/2020 13:08 | SIA 1001292 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 848/2020 -- CAMBIO TAXA LIXO CESE ACTIVIDADE MAÑENTE. |
| DECRETO 2020-0485 | 27/07/2020 13:44 | SIA 1001292 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 853/2020 - CAMBIO TITULAR E RECLAMACION DEBEDA -- |

Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 56

| | | |
|---|---|---|
| DECRETO 2020-0484 | 27/07/2020 13:37 | 300 TESORERÍA -- Expediente 653/2020 --- Aprobación gastos publicación en B.O.P. ediicto padróns axuda fogar marzo - maio - xuño -- |
| DECRETO 2020-0483 | 27/07/2020 9:40 | SIA 1001201 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 872/2020 -- A28725331 MAPFRE, -- Responsabilidade patrimonial |
| DECRETO 2020-0482 | 27/07/2020 9:40 | Expediente PLN/2020/9 -- Múltiples interesados -- |

Os Concelleiros/as presentes asistentes á sesión danse por decatados/as.-

**14.- <u>EXPEDIENTE 149/2020. DACIÓN DE CONTA DE ESFORZO FISCAL 2018 E LIÑAS FUNDAMENTAIS</u>.-**

Polo Presidente dáse conta ao pleno municipal de: Esforzo Fiscal 2018 e das Liñas Fundamentais.-

Os/As Concelleiros/as membros asistentes á sesión danse por decatados/as.-

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### C.1. ROGOS

**Rogos do grupo municipal do PP. Dª. Laura Riveira Balseiro formula os seguintes:**

1.- Como lles comenta a AAVV de Forxán, coa entrada en vigor do PXOM a recta de Forxán é urbana, residencial e de solo industrial na súa gran maioría, a limitación de cincuenta quilómetros por hora debe chegar ao fin do solo urbano, rogando ao equipo de goberno que o coordine coa Policía local e o solucione.

O Sr Alcalde responde que son coñecedores de dita petición, anunciando que conta contratar a elaboración dun Plan municipal de mobilidade urbana con cargo a Plan Provincial 2020, co que agardan dar unha resposta integral á cuestión do tráfico e da mobilidade.

2.- Os veciños de Vilaronte trasladan queixas polo estado da estrada municipal polas fochancas que existen na mesma e polo tanto, rogan do equipo de goberno que procedan á súa reparación.

O Sr Alcalde recoñece que coñecen o estado da estrada, comprometéndose á súa reparación na medida das dispoñibilidades orzamentarias.

3.- A rúa Limoeiros foi reparado polo anterior goberno pero na actualidade volve a ter moitas fochancas que son perigosas para os vehículos e as persoas, polo que piden que se repare. Dito vial enlaza coa de Paco Mañón na zona antiga polo que pregan que o goberno municipal valore o seu arranxo cun pavimento acorde coa zona antiga.

O Sr Alcalde afirma que o teñen en conta.

**Rogos do grupo municipal de FPF. D. Víctor Couto formula os seguintes:**



Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 56

1.- Roga que se proceda ao arranxo e mellora e limpeza do acceso ao Pico da Lebre xa que está cheo de lixo, pintadas e restos de vehículos.

O Sr Alcalde afirma que toma coñecemento.

2.- A instancia dun membro da escola de música, lembra que logo de publicar o 26 de abril que se procedería á devolución do cobro polo servizo da escola de música que non se prestara, o cal non se fixo efectivo mentres que no novo inicio do curso se está a cobrar a nova anualidade, motivo polo cal roga ao equipo de goberno a que aclare se procederán a dita devolución, ou ben que publiquen porque non procede a mesma.

O Sr Alcalde afirma que toma coñecemento.

**C.2. PREGUNTAS**

**Preguntas do grupo municipal do PP. Dª. Laura Riveira Balseiro formula os seguintes:**

1.- Preguntan se teñen coñecemento sobre a posible desaparición do despacho de correos situado en Cangas, así como, se teñen levado a cabo algún tipo de actuación para evitalo.

O Sr Alcalde afirma que realizarán os descubrimentos oportunos e as actuacións precisas para defender dito servizo.

2.- Pregunta á Sra Rojo logo de felicitala pola súa nova atribución na Deputación de Lugo, sobre as actuacións desenvoltas para dar cumprimento á promesa electoral de crear un servizo no concello de Foz de asesoría e atención legal e social para a muller.

A Sra Rojo manifesta que responderá na vindeira sesión plenaria.

3.- Pregunta sobre cando teñen previsto poñer en funcionamento o servizo de madrugadores previsto no seu programa electoral.

O Sr Alcalde informa que coa actual situación de crise sanitaria a situación mudou radicalmente, o que non fai posible a curto prazo facer efectivo dito servizo.

Concluído o anterior, ás vinte e dúas horas e trinta minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o Alcalde-Presidente levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretario, certifico.

O SECRETARIO, O ALCALDE

VÍCTOR VOCES LÓPEZ FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

Cod. Validación: 6229HE7F7E9F37CC9WSSXJ9QE | Corrección: https://concellodefoz.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 56